

Parlamento das Letras: Xosé Vázquez Pintor

Enviado o 19 Setembro 2012

Xosé Vázquez Pintor ten alma de canteiro e de afiadador. O ourive da pedra verbal que nel hai enraíza no substrato telúrico máis celmoso, ancora na memoria da aldea, loitando a brazo partido por se converter no resistente oráculo da tribo que garda a tradición, un mundo que esfarela pero que seguirá vivo namentres haxa animais melancólicos coma el que nolo lembren.



O señor da roda que o habita é un vagabundo dos camiños outros, sempre á procura do coñecemento de novas xentes e lugares, de vieiros para o ser e o comprender, un peregrino ao que nada é alleo, pois os soños son patrimonio universal, como as mancaduras do corazón ou os sorrisos outonais.

Escindido entre as angueiras do viaxeiro Ulises e as da inamovible Penélope, oídor no seu día dos cantos de serea postsocialrrealistas e tamén de certo culturalismo de xenuíno e personalísimo selo, a súa escrita poética foi adquirindo textura vidrosa de Murano co pasar dos anos, irisando en versos de metafórica fulgurante, por veces dialogados, outros case versiculares, mais decote amigos dos seus amigos, homenaxeadores ou convocadores do íntimo, do amatorio, do erótico tanto coma do grupal, do reivindicativo e solidario, do laio e o gozo da tribo que pugna por seguir viva.

A prosa de Vázquez Pintor tampouco deixou de lado a aldea e a súa calada historia, mesmo se atreveu a anegarnos a pel cun falar dos corpos delas que non fora adoito ata que el chegou para convocar abril e sumalo a todos os océanos e os seus bronceos, aos bois que aran, suco vai, suco vén, co tempo atravesando, dondo e silandeiro, de Melide a Agolada.

O poeta, o narrador, tamén o autor teatral ao que tanto debe a escena do país de noso, trae hoxe as foulas setembrinas da ría queda canguesa e deita o óbolo da súa palabra coma quen ofrenda a luz dun verán que se apaga.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?



Vinte e oito de novembro do mil novecentos setenta e un. Editorial Celta. Lugo. Era Gandarras, un libro de versos. Xesús Alonso Montero foi o meu valedor literario. Do limiar encargouse Manoel Daniel Varela Buxán; da fotografía Sarry e da portada Xan Balboa. Recital e presentación en Melide, no clube CIRE, coa voz e coa guitarra de Antonio de Troito. Estrea do Colexio Público de Agolada. Entrevistas en El Ideal Gallego, que dirixía Pedro de Llano 'Bocelo'; e en RNE dende A Coruña. Crónica garimosa de Manoel Álvarez Torneiro en La Voz de Galicia. Nunca esquencerei.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

A mellor tratada: toda a narrativa e a triloxía dos vellos oficios. Os poemarios pasaron desapercibidos, agás cando a sorte, en anos sucesivos, quixo botar mau en premios de certa nombradía. Eramos “os novísimos da poesía galega” —Catalunya ao lonxe—; posibelmente nós tiñamos outra cousa máis diferenciada: eran as nosas biografías poéticas dende o íntimo do territorio familiar e benquerido. Emerxeron outras voces que arestora son amigas: todas contra o vento nordesío, voraz, remolcador, alleo. Coido que en grande parte xa foi varrida, borrada, barbeada, desposuída, aquela páxina, da que eu nunca esquencín nin desertei.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

O silencio. Necesariamente só. En calquera lugar e tempo, só.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Pola circunstancia antedita, e outras aprendidas, non acredito nas antoloxías: sempre serán inxustas. Na utopía quero estar coa voz, a luz e os ollos abertos dos trobadores e xograres: eles acarrexan as lanternas contra as noites; levan as andainas da ledicia, son de noso e sempre: pasan as páxinas, as megafonías dos alleos, as comenencias, as traizóns, o tempo en falso... A palabra tempera: aí quero eu ser, estar, resucitar.



—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Lealdade, compromiso, ensoñación. Alleo ao desalento. O paso do boi e o canto do grilo.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?



Nunca me aprenderon a saber ler en académico. E afíxenme a ser eu nas intemperies, sen dote nin maneiras. Son moi mal lector: teño que oliscar axiña o arrecendo das palabras; o silveiral de seu autente contra o doméstico da escrita. A lucería en maxia é o destino. Acender é o imaxinario. Prefiro a selva, a maraña á contra da luz artificial que cae de enriba, ao xardín do pouso señorito. Dicir as obras... nomes... territorios... Sería inxusto, máis aínda en galego. Sempre ficaría no esquecemento aquela primeira vez, a do medio, a derradeira. A escrita e a lectura son un casorio cara ao mundo feliz; hai que vivilas e bebelas sempre, moito no íntimo. Velaí o tanto mérito de quen rompe os medos contra os silencios e deixa para todas/os nós a luz do espello, a opinión honesta que sempre agardamos, tanto que sexa leve, morna, feliz coma grave, solidaria e destemida.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Fáltalle aínda un censo grande e ceibe: lectoras e lectores, esa marabilla de respecto e de agarimo. Sóbralle a indiferenza dun poboado na nugalla, que sempre se marxina e encubila: “eu non entendo, non sei ler nin quero; amais non teño tempo...”.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

A última novela. E un libro infantil de versos coma ríos.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

En grande parte xa fica dito. Engadir de urxencia a nosa preocupación comunitaria, case heroica, pola Lingua: a mellor ferramenta patrimonial; a marabilla.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Saúde grande e as autoestimas.



This entry was posted in [Literatura galega](#), [Parlamento das Letras](#) and tagged [Literatura galega](#), [Xosé Vázquez Pintor](#). Bookmark the [permalink](#).

2 Respostas a Parlamento das Letras: Xosé Vázquez Pintor

terreboredo da estrada di:

20 Setembro 2012 at 8:48 a.m.

un contesto de moita patria. un dicir fluído, emerxente e auténtico. esa marabilla en quián. esa amorosa verdade con maría. somos tribu e pobo do galego. as palabras chegan ao fondo e sediméntase para producir forzas e dar pulos de normalizar.

[Responder](#)

Luz Pichel di:

22 Setembro 2012 at 2:41 p.m.

A terra onde te deitas
garda a calor.

[Responder](#)